

ONOVOCINE

O pequeno hollywood chantadi

Nos últimos dez anos, Chantada ten servido de plató cinematográfico para unha gran cantidade de proxectos audiovisuais producidos por realizadores e directores da comarca

M.B.

O pasado 4 de xullo estreouse no telecentro local de Chantada *O labirinto ario*, a segunda película do director chantadino Alfredo Pardo, que recrea os movementos do nazismo en España tras a morte de Hitler. A curtametraxe pasa a engrosar, xunto a traballos de ficción como *Empantados*, de David Vázquez, *Punto e final*, do propio Alfredo Pardo, a serie *Cabodomundo*, de Comba Campoy, o documental *Xogan brancas e gañan*. *O maquis no sur de Lugo*, de Andrea Olmedo Ríos, Paula Iglesias e Hector Cobo, ou o proxecto de levar a gran pantalla a novela de Alfonso Eiré *O coxo de Vilarelle*, a longa lista de iniciativas que fan desta comarca un punto cinematográfico quente.

A nova película de Alfredo Pardo adscribese, como todas as anteriores, á etiqueta creada pola asociación cinematográfica Chantada Films "rural underground", unha sorte de "certificación de orixe" que agrupa baixo un mesmo epígrafe aqueles traballos autóctonos que utilizan o galego na versión orixinal, que impulsan e promocionan a comarca e que fomentan a participación dos veciños e o seu achegamento ao cine. Nos últimos dez anos, a cifra de filmes merecedora desta etiqueta ten pasado da seca máis absoluta a cotas ben destacadas.

Con guión de Ana Belén Diz Pastero, a última curtametraxe deste director está ambientada na década dos anos 1950. Para poñer a andar esta trama conspiracionista artellada ao redor do esoterismo nazi, a colaboración da Marquesa de Tor e da presenza de alieníxenas ummitas, Alfredo Pardo trasladou a historia a localizacións chantadinas e adaptouna á súa realidade.

“Nos últimos dez anos o número de traballos adscritos a ‘certificación de orixe rural underground’ tense multiplicado”

“Chantada converteuse nun bo plató de cine e os veciños, sen sabelo, en produtores”

[Alfredo Pardo]

“Nesta proliferación de películas xoga un papel fundamental a televisión local TelevinTE”

[David Vázquez]
Director.

“A educación en comunicación é un dos piares básicos para formar alumnado e espectadores críticos”

[Mercedes Vázquez]

O labirinto ario presenta así un Hitler soterrado en Nogueira de Chantada e os seus lugares tenentes, o doutor Manfred e Helmuth, que auspiciados polo xeneral Franco e a Marquesa de Tor, desenvolven as súas teses nun pazo monfortino, un enclave que a partir do rebumbio mediático xerado ao redor do filme multiplicou considerablemente as súas vistas, segundo apunta o propio director. Tamén se rodaron escenas nunhas supostas bases subte-



Distintos momentos da produción de *O labirinto ario*, dirixida por Alfredo Pardo.



rráneas nazis en Belesar e rituais satánicos na cripta romana de Santa Eulalia de Bóveda.

“O por que deste movemento audiovisual que está a agromar en Chantada non o sei” sinala Alfredo Pardo, “incluso pode parecer unha loucura embarcarse nunha película se temos en conta o contexto de crise e que é un sector que necesita un investimento para ver resultados”, pero a comarca “tense convertido nun bo plató de cine, con moitos aspectos por explo-

rar” e os “veciños, sen sabelo, en produtores”.

Dentro deste movemento audiovisual comarcal, a participación de actores non profesionais e a colaboración da veciñanza érguese como outro dos piares fundamentais, porque abaratan os custes, porque implican á cidadanía e porque permiten achegar o cine ao rural, como explica o director.

TELEVISIÓN LOCAL, REVULSIVO CINEMATográfico. En opinión do

no

Do cinematógrafo á televisión local

Chantada non foi allea a principios do século pasado do prodixio da fotografía animada. Na década de 1920 mercadores ambulantes xa adoitaban facer parada na comarca para proxectar os seus filmes. Eran películas mudas. A revolución chegou coa construción de La Terraza, a primeira sala cinematográfica sonora está-

bel, que xunto co Cinema Iris e Cervantes, conformarían as pezas básicas na cultura audiovisual da vila, como se explica no estudo elaborado por Alfredo Pardo para as páxinas do libro *Crónicas chantadinas*.

Entre 1941 e 1983, o autor resume o esplendor do espectáculo filmico en dous cines: o *Capitole* e *Yeca*, que xa non

volverían acender o proxeccionos últimos anos do pasado século. Con todo, polas súas pantallas pasaron filmes como *Fuego*, *Cotolay*, *Maruxa*, *El bosque del lobo*, *Flor de Santidad*, *Beatriz*, *La ley de la frontera* ou *Romasanta*, en función sempre do gusto da época e das imposicións do réxime franquista.●

En galego, e ten en marcha un amplo programa de actividades centrado na educación en comunicación dirixida aos centros de ensino locais.

“Entendemos que a educación en comunicación é un dos piares básicos para formar alumnos e espectadores críticos, capaces de ler entre liñas e saber que se agacha detrás das series de televisións, dos informativos e mesmo da publicidade que consumen”, sinala Mercedes Vázquez. Desta liña de traballo aberta coa colaboración dos centros locais xurdiron nos últimos anos curtametraxes, reportaxe, documentais e videoclips elaborados polos propios alumnos.

Este ano, o alumnado gravou catro documentais relacionados coas ciencias medioambientais e unha serie de programas de cociña. De cara ao ano que vén, barállase a posibilidade de por en marcha un informativo semanal escolar, onde os propios alumnos exerzan de reporteiros, cámaras e montadores.

A televisión realizou tamén toda unha serie de documentais etnográficos que recuperan tradicións que se están a perder na comarca, dende antigas técnicas de vendimas da Ribeira Sacra ou embarcacións tradicionais do Miño até o proceso de elaboración da corozas ou as fochas de Castelo, un ritual que se remonta aos poboados prerromanos e que se segue a celebrar no mes de setembro. Dentro deste apartado inscribíse un documental sobre a matanza, que causou “impacto” en Eslovaquia, onde viaxou para asistir ao encontro anual de televisións locais europeas.

‘AS ALMAS DO FENTAL’ EN POSPRODUCCIÓN. David Vázquez é o director

do outro dos proxectos que verán a luz despois do verán. Trátase da curtametraxe de ficción *As almas do fental*, agora en proceso de posproducción. Nela Vázquez traslada ao espectador a súa preocupación sobre o futuro do rural ante a realidade de abandono que sofre que arroxa cifras nas que ascende a máis de 1200 as aldeas abandonadas no interior do país e 700 nas que só vive unha persoa.

A película foi rodada en Chantada nos últimos meses, protagonizada por Fernando Morán con guión de Elena dos Santos. A película supón o retorno ás tarefas de dirección de Vázquez despois da rodaxe en 2006 da curta *Empantanados*. Neste traballo, producido por Chantada Comunicacions, Miguel de Lira interpreta un home traumatizado tras a morte do seu pai e o asolagamento da súa casa pola construción do encoro de Belesar.

CABODOMUNDO. Chantada tamén foi escollida pola xornalista Comba Campoy para poñer en marcha o proxecto *Cabodomundo*, a primeira serie de televisión comunitaria galega que naceu da súa tese de doutoramento. Despois de varios anos de traballo voluntario, no que se implicou un equipo de máis de 50 persoas, realizáronse seis capítulos que integraron á xente da vila. Foi emitida en Televinte e o argumento parte da viaxe dun heroe na busca da súa identidade, que irá descubrindo a medida que se integra no novo mundo que se lle presenta á súa chegada á Chantada e a ribeira do Miño.

OPILOTO NA PEQUENA PANTALL. Outra iniciativa desenvolvida na comarca está asinada por Andrea Olmedo Río, Paula Igle-

sias e Hector Cobo. Trátase dun documental ficcionado que dá luz sobre a vida de José Castro Veiga *O Piloto*, o maquis tiroteado na ribeira de Chantada hai algo máis de corenta anos. Leva por título *Xogan brancas e gañan*. *O maquis no sur de Lugo* (2005) e nel os tres realizadores inclúen os testemuños directos de xente próxima ao *Piloto*. A iniciativa, que parte do ámbito académico, materializouse coa intención de recuperar parte da memoria histórica da comarca, ante a carencia de material audiovisual sobre esta temática.

O proxecto contou tamén coa colaboración de Televinte e os autores teñen previsto revisalo proximamente. Despois deste traballo, os directores de *Xogan brancas e gañan* realizaron diferentes videocreacións ao redor da identidade cultural e da mercantilización de cultura, entre os que sobresaen *Almacén*, do ano 2007.●



produtor e director chantadino David Vázquez, neste espertar iniciado en 1999 coa curta *Punto e final*, de Alfredo Pardo sobre un conto de Rubem Fonseca, e na proliferación de iniciativas audiovisuais xurdidas na comarca xogou un papel fundamental a televisión local Televinte. Ao seu ver “tentou converterse nunha televisión participativa que colabora tanto a nivel técnico, con préstamos de cámaras, estudos e sistemas de iluminación,

como a nivel humano, para que todos os proxectos se materialicen a baixo custe”.

A directora de Televinte, Mercedes Vázquez, concibe a televisión local “como un medio de desenvolvemento social, fundamental e necesario na comarca xa hai dez anos, cando botou a andar”. Agora, Televinte forma parte de “Onda nós”, unha agrupación de canles locais, na que tamén están Canal Deza e Tele Salnés, de intercambio de programación pro-

Máis proxectos da asociación cinematográfica Chantada Films

Entre os traballos que vai desenvolver proximamente a asociación destaca a adaptación dunha obra de Lou Carrigan, pseudónimo de Antonio Vera Ramírez (Barcelona, 1934), que na súa longa traxectoria, con máis de mil obras publicadas, escribiu esencialmente novelas de aventura ambientadas no oeste americano.

Alfredo Pardo, que dirixirá a curtametraxe, trasladará novamente a trama á localizacións chantadinas. Tamén está a traballar na tradución dos cadriños do cómic *Pánico* en fotografías.●